

CCOO convocará mobilizacións e paros no convenio estatal de conservas de peixe

26 de novembro de 2021

Levamos case un ano negociando o convenio colectivo estatal de conservas de peixe. O convenio non avanza, e o que hai enriba da mesa, é máis do mesmo. Polo que seguirá condenando á precariedade ás 30.000 persoas traballadoras do sector. Así como persistirá a situación de fenda e discriminación salarial e profesional que sofren as mulleres a pesar de realizar traballos de igual valor que os realizados maioritariamente polos homes do sector.

CCOO de Industria, témolo claro. Esta Patronal como a maioría, só reacciona cando se lle aperta. Por iso, levamos propoñendo dende fai tempo ó resto de sindicatos na mesa a necesidade de poñer en marcha de forma conxunta un calendario de mobilizacións e paros. Sen embargo, ata a data non foi posible.

A pesar de elo, CCOO fará un novo intento co resto de sindicatos na próxima reunión de negociación de convenio prevista para o 30 de novembro e 01 de decembro. Iremos con unha proposta aberta e flexible no que respecta a cando e con que intensidade teñen que ser las mobilizacións e paros ó obxecto de intentar o consenso. Non obstante, se os outros dous sindicatos seguen ca mesma estratexia de solo negociar sen presión. CCOO poñerá en marcha un proceso de participación, mobilización e paros para o conxunto das persoas traballadoras. Ó obxecto de poñer a súa disposición unha ferramenta para protestar, reivindicar e exixir que este convenio teña unhas condicións dignas e xustas.

Levámolo dicindo na nosa campaña #PescarDerechos, é agora ou nunca. As principais reivindicacións de CCOO teñen que ser asumidas pola Patronal. Sendo algunhas delas as seguintes:

- **Estabilidade no emprego.** Hai que rematar coa alta temporalidade incluída a de ETT,s. Ó menos o 85% do cadro de persoal teñen que ter un contrato indefinido (fixo o fixo discontinuo).
- **Fortes incrementos salariais e cláusula de garantía salarial ó IPC.** Mellorando substancialmente o poder adquisitivo das persoas traballadoras.
- **Acabar coa discriminación salarial que sofren as mulleres.** Equiparación salarial automática do grupo 5 co grupo 6 e modificación do sistema de clasificación profesional onde os niveis salariais sexan entre postos de igual valor.
- **Máis dereitos e permisos para poder conciliar a vida laboral coa familiar.** Como crear un permiso retribuído para asistir ou acompañar ós nosos familiares dependentes ó médico.